



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Rúa Marcelo Macías nº 59
Xinzo de Limia CP 32630
Tfno. 988788456.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN D.O. CURSO 2019/2020

CENTRO: C.E.I.P. CARLOS CASARES
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
DATA: 12/05/2020

e-mail: ceip.carlos.casares@edu.xunta.es

Tf.: 988788456,



ÍNDICE

- 1. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN DURANTE ESTE TERCER TRIMESTRE**
 - 1.1. COMPETENCIAS CLAVE
 - 1.2. OBXECTIVOS
 - 1.2.1. Respecto ó centro
 - 1.2.2. Respecto ó alumnado
 - 1.2.3. Respecto ó profesorado
 - 1.2.4. Respecto ás familias
 - 1.2.5. Respecto a outros organismos e institucións
- 2. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE.**
- 3. INFORMACIÓN AO ALUMNADO E FAMILIAS**
- 4. PUBLICIDADE**

Dende que comezou o estado de alarma a máxima premisa das integrantes do Departamento de Orientación do C.E.I.P. Carlos Casares foi e é , a atención e desenvolvemento integral e global do noso alumnado, entendendo que esta foi una situación imposta para todos e todas, centro educativo, familias, alumnos/as.. a cal e dentro das nosas posibilidades e, sobre todo, ás posibilidades das familias e as súas circunstancias persoais deberíamos prestar a nosa axuda como docentes e como parte dunha sociedade da que somos membros.

O aspecto emocional é una parte que nos preocupa moito: como están vivindo os/as nosos/as alumnos/as esta situación, como a afrontan e as súas familias.

Por iso, e intentando dar una resposta educativa o máis axeitada posible dentro dunhas circunstancias excepcionais entendemos que o noso traballo neste momento debe ir centrado aos seguintes aspectos prioritarios:

1. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN DURANTE ESTE TERCER TRIMESTRE

1.1- COMPETENCIAS CLAVE

Este Departamento pretende fomentar as competencias que nos estipula a LOMCE (Lei 8/2013) facendo incidencia e fincapé na competencia clave de aprender a aprender sobre todo neste momento que nos compete

Contribución ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística.

Utilizando o diálogo, os intercambios comunicativos e o intercambio de puntos de vista como recursos metodolóxico en gran parte das actividades de orientación e titoría.

Contribución ao desenvolvemento da competencia de razoamento matemático.

Desenvolvendo tarefas específicas para traballar cos alumnos/as as funcións executivas, o razoamento matemático aplicable á resolución de situacións da vida cotiá.

Contribución ao desenvolvemento da competencia dixital e tratamento da información.

E Utilizando correo electrónico, páxinas web, fotos, as plataformas educativas...como medios de comunicación e intercambio de información. Recollendo información de diversas páxinas Web sobre todo nestes momentos de traballo TELEMÁTICO.

Contribución ao desenvolvemento da competencia social e cidadá. Fortalecendo as relación interpersoais e utilizar diferentes estratexias para pórse en contacto cos alumnos/as e facelos sentir unidos e vinculados á escola.

Contribución ao desenvolvemento da competencia cultural e artística. Empregando tarefas onde poidan debuxar, colorear, crear e así potenciar o seu espírito creativo tendo en conta que durante este período de confinamento non se pode realizar ningunha actividade cultural.

Contribución ao desenvolvemento da competencia para aprender a aprender. Coñecendo e utilizando de maneira habitual as principais condicións e técnicas que favorecen o traballo intelectual, distribución do tempo, organización e estruturación das tarefas escolares...

Contribución ao desenvolvemento da competencia de autonomía, iniciativa persoal e espírito emprendedor. Adaptándonos as necesidades, as casuísticas persoais de todos e cada un dos nosos alumnos/as e dar respostas non son dende o ámbito curricular senón tamén dende o ámbito persoal, afectivo, social...



Ademais, e como orientadora e mestras de A.L. e P.T. as nosas actuacións durante este momento estarán enfocadas a priorizar e traballar os seguintes aspectos:

1.2- OBXECTIVOS

1.2.1.-Respecto ó centro

- ✚ Fomentar a cooperación do centro coas institucións sociais e culturais do entorno: concello, servizos sociais, cruz vermella.

O concello de Xinzo de Limia puxo en marcha unha serie de estratexias e iniciativas para poder axudar a aqueles alumnos/as que teñen dificultades para acceder a medios tecnolóxicos. Así:

- Impresión de tarefas escolares para os/as alumnos/as que non teñen estes recursos nas súas casas.
- Facer chegar ao alumnado ditas tarefas por medio de Protección Civil Do Concello de Xinzo.
- Dotación a familias que o precisen de ordenadores previa solicitude para a realización de tarefas escolares.

Así, a nosa función foi e está sendo de:

_ Todas as integrantes do D.O. (mestras de P.T. e A.L. e orientadora) están elaborando material específico adaptado ás necesidades dos/as alumnos/as que enviamos ao concello para que este o faga chegar as súas casas. Cando esas actividades están rematadas son recollidas polos membros do concello e devoltas as integrantes do D.O.. para a súa posterior corrección, sempre tendo en conta e aplicando as medidas hixiénicas pertinentes.

- ✚ Participar directamente con calquera institución externa que requira a nosa colaboración, para favorecer a labor orientadora cos nosos alumnos e alumnas e máis nestas circunstancias excepcionais.
- ✚ Asesorar ó profesorado na actividade titorial; para poder levar a cabo dito asesoramento as coordinacións cos diferentes titores e titoras así como mestres/as especialistas está a ser constante a través de chamadas telefónicas, mensaxes, correos electrónicos por medio do correo corporativo, reunións constantes por videoconferencias empregando o servizo dixital que proporcionou a Xunta de Galicia: Webex.
- ✚ Coordinar e asesorar a labor educativa dos mestres/as que traballan co alumnado nas tarefas de reforzo e apoio educativo e dos demais especialistas que inciden no proceso de ensino-aprendizaxe de alumnos e alumnas con necesidades educativas.

Neste caso as integrantes do D.O. son as encargadas de elaborar tarefas adaptadas a ditos/as alumnos/as levando elas o seguimento de ditas tarefas en colaboración e coordinación cos titores/as.



Para elaborar as tarefas estanse empregando diferentes aplicacións informáticas e ferramentas que atopamos na rede e tamén aquelas aportadas pola Consellería como poden ser:

- _ Presentacións Power Point.
- _ PDF e fichas neste formato
- _ Audios
- _ Videos
- _ Fichas interactivas.

- ✚ Elaborar en coordinación e colaboración cos titores/as as adaptacións curriculares tanto dos/as alumnos/as de 6º de educación primaria que , para o curso 2020/2021 se incorporarán ao instituto , como para os alumnos/as do centro educativo. Esta coordinación estase levando a cabo tamén co D.O. do I.E.S Cidade de Antioquía así como con dúbidas resoltas polo Inspector do noso centro educativo.
- ✚ Colaborar na planificación e organización de toda clase de actividades educativas, pero fundamentalmente en todas aquelas que teñan que ver coa orientación e coa atención ao alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo para así poder adaptar de forma especial a resposta educativa a este alumnado.
- ✚ Estructurar, pautar e flexibilizar a realización das tarefas destes alumnos/as:

Actividades marcadas para semanas ou quincenas dependendo das necesidades e características dos/as alumnos/as.
- ✚ Colaborar cos profesores e titores de área, tanto na elaboración das adaptacións das programacións coma na búsqueda de recursos e na achega de recursos máis axeitados para este período de confinamento.
- Fomentar a coordinación horizontal e vertical, así como o asesoramento e información, tanto entre os recursos internos (persoal docente e non docente) coma dos recursos externos.
- Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación, adaptadas ás capacidades de cada alumno.

1.2.2.-Respecto ó alumnado

Os alumnos matriculados no noso centro son un fiel reflexo da sociedade diversa na que vivimos, polo tanto, as necesidades que se presentan son diversas. En termos xerais podemos agrupalas en:

- ♦ Alumnos/as con dificultades específicas na aprendizaxe.
- ♦ Alumnos/as con dificultades lectoescritoras.
- ♦ Alumnos/as con dificultades na linguaxe.



- ♦ Alumnos/as con desfase curricular.
- ♦ Alumnos/as con dificultades na fala.
- ♦ Alumnos/as con retraso na linguaxe
- ♦ Alumnos/as con dificultades auditivas
- ♦ Alumnos/as con nee derivadas de discapacidades.
- ♦ Alumnos/as con nee derivadas de trastornos da conduta: TDAH
- ♦ Alumno/as TEA
- ♦ Alumnos/as con retraso madurativo
- ♦ Alumnos/as con dificultades na inmersión lingüística (inmigrantes, sobre todo de procedencia Marroquí)
- ♦ Alumnos/as con situación social desfavorecida.

Un aspecto que cobra unha especial relevancia no noso traballo neste tempo é a “pobreza dixital” da gran maioría dos/as alumnos/as cos que traballa as integrantes do D.O.: falta de ordenador, impresoras, tablet, conexión a internet, incluso datos escasos nos teléfonos das familias que fai que as tarefas para os/as alumnos/as sexan moi adaptadas.

O D.O trata de contribuír, dentro das súas posibilidades, en colaboración cos demais mestres e mestras do centro a dar a maior resposta posible a esta situación actual:

✚ Promovendo a cooperación e colaboración coas familias a través de chamadas, por correos electrónicos ou mesmo por mensaxes para saber como están, se precisan a nosa axuda e estando sempre á súa disposición para resolverlle calquera dúbida que teñan e asesoralos incluso no emprego de aplicacións informáticas nos casos que son necesarios.

✚ Atención personalizada a cada alumno/a escoitando as necesidades das familias e adaptándonos a elas, as súas circunstancias e a dispoñibilidade de recursos, materiais e tempos.

✚ Axudar ós/ás nosos/as alumnos/as no ámbito educativo e persoal.

✚ Valorar as necesidades educativas dos alumnos/as e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.

✚ Asesorar e intervir nas tomas de decisións relativas ós alumnos, principalmente no relativo a promoción de cursos neste caso en relación a 3 alumnos de 1º de educación primaria, 1 alumno de 2º de educación primaria e 1 alumno de 5º de educación primaria.

✚ Levar a cabo unha laboura de detección e prevención de posibles problemas de aprendizaxe e conduta dos nenos e nenas, axudándolles a superalos mediante os oportunos modos de intervención e priorizando sempre a prevención primaria .

✚ Aportar materiais específicos a atención educativa do alumnado ANEAE e difusión dos mesmos entre o profesorado e as familias.

✚ Favorecer a resposta educativa a os alumnos e alumnas que presenten necesidades educativas específicas ou que precisen algún tipo de medida máis específica.

1.2.3.Respecto ó profesorado

✚ Facilitarlles información e orientalos acerca da intervención pedagóxica máis axeitada dos diferentes alumnos/as neste período de confinamento.

- ✚ Colaborar en cuestións relativas á organización, estruturación... das tarefas dos/as alumnos/as.
- ✚ Orientalos tecnicamente con relación a actividades de apoio e reforzo pedagóxico.
- ✚ Coordinar as actuacións dos diferentes especialistas á hora de responder as necesidades educativas.

1.2.4. Respecto ás familias

- ✚ Fomentar e facilitar a relación familia-titores para a búsqueda de solucións a problemas ou dificultades que poida atopar calquera alumno/a.
- ✚ Asesorar e orientar ás familias de forma individual para que asuman a responsabilidade na formación dos seus fillos e fillas, sempre dentro das posibilidades e dispoñibilidade de cada unha delas.
- ✚ Informar ás familias sobre as necesidades dos nenos e a súa evolución.
- ✚ Incentivar a colaboración das familias nas tarefas e actividades propostas dende o centro educativo.
- ✚ escoitar as familias, facerlles sentir que estamos para apoialas e axudalas nestes momentos.

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

Actividades:

As actividades propostas polas integrantes do D.O. serán enfocadas a reforzo e repaso dos contidos traballados tanto no primeiro como no segundo trimestre facendo especial fincapé na **competencia lingüística** e na **competencia matemática**.

Non esquecendo nunca o traballo no **ámbito emocional** tendo en conta que os nenos e nenas neste momento poden estar máis irritables: isto pode suceder porque os nenos aprenden e actúan por imitación (moito máis que polo que lle digamos de palabra) por este motivo debemos transmitirle as familias que deben mostrarlles unha imaxe positiva, tranquila e de control, xa que eles van facer o que nos vexan facer aos adultos.

Tamén é normal que lle coste máis durmir, os dispositivos electrónicos poden facer que o seu cerebro non sexa capaz de ir desconectando pouco a pouco para entrar na fase de sono á hora axeitada se son usadas pola noite ademais tamén lles afecta a situación de ansiedade e nerviosismo xeral que estamos a vivir e que dalgunha forma isto se traslade a unha incapacidade para durmir.

É fundamental darlle importante aos seus sentimentos e a como eles están a vivir todo o que está acontecendo. Explicarlle o que está pasando (acorde á idade que teña o rapaz/a, hai algúns contos, cómics,... que falan de como xurdiu o COVID, da importancia de lavarnos as



mans,...), explicarlle tamén como o están vivindo vós (sen alarmar pero tampouco ocultándolles a verdade do que está acontecendo, igualmente adecuado á idade que teña) e como se senten as familias con respecto a esta situación; deste xeito poden sentir que o que senten é normal.

3. INFORMACIÓN AO ALUMNADO E AS FAMILIAS

Información ó alumnado e ás familias:

En todo momento estableceuse contacto coas familias empregando os medios dos que as familias e os alumnos/as dispoñen de maneira individual nas súas casas.

4.PUBLICIDADE

A adaptación a dita programación será colgada na páxina web do centro.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcarloscasaresxinzo/>